

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO  
CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE  
SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

No Salón de sesións do edificio consistorial de Valdoviño, ás vinte horas, do día dezaseis de setembro de dous mil dezaseis, réunese en primeira convocatoria o Pleno do Concello, cos concelleiros/as que se expresan de seguido, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria de carácter mensual correspondente a setembro; asistidos de min, Carlota González Navarro, secretaria xeral do Concello e da interventora dona Gema Leal Insúa.

Asistentes:

Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obreiro Español PSdeG-PSOE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ  
ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ  
SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ  
BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ  
JESSICA SABIN FERNÁNDEZ  
ALEJANDRO ANTONIO GARCIA SOUSA

Partido Popular- PP

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO  
ESTEBAN GARCÍA ALONSO  
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ  
MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS

Centristas de Valdoviño (CENVAL)  
LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

Unidos por Valdoviño  
MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

NON ASISTE:  
Bloque Nacionalista Galego (BNG)  
CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

Declárase polo Sr. Alcalde – Presidente aberta a sesión, e con arranxo á Orde do día trátanse os seguintes asuntos:

**I) PARTE DISPOSITIVA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 19.08.16.-**

O borrador da acta mencionado aprobouse polo Pleno, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión.

**2ª.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL. EXERCIZO 2016.-**

**PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

“Visto o expediente que se tramita para a aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Valdoviño, correspondente ó exercicio económico 2015, de conformidade co disposto no artigo 208 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que comprende tódalas operacións levadas a cabo durante o exercicio de referencia, tanto orzamentarias como independentes e auxiliares, patrimoniais e de tesourería.

Exposto ao público a conta formada pola Intervención municipal a partires do 11.08.2016 (data de publicación do anuncio no BOP da Coruña), dictaminada favorablemente a dita conta na sesión da Comisión Especial de Contas celebrada en data 18.08.2016, dictamen que se adxunta ao dito expediente. En data 14.09.2016 rematará o prazo para a interposición de reparos ou observación, en consecuencia, toda vez em data 16.09.2016 será celebrada sesión ordinaria do Pleno, correspondente a este mes.

**PROPONSE:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a conta xeral correspondente ao exercicio 2015, sempre e cando non se presente reclamación ou reparo á mesma antes do remate do prazo sinalado (14.09.2016), en caso contrario o expediente quedará sobre a mesa.

**SEGUNDO:** Verificado a non interposición de reparos ou reclamacións, incorporárase informe ao respecto da Secretaría Municipal, e procederáse a efectuar rendición da mesma ao Consello de Contas, quedando acreditado no expediente a efectividade da aprobación da conta xeral para o exercicio 2015.

Valdoviño, a 13 de setembro de 2016.

O alcalde-presidente

Asdo. Alberto González Fernández”

O Sr. Alcalde manifesta que está en proceso de aprobación a Conta Xeral do 2015, que estivo a disposición dos concelleiros e que se tratou na comisión Especial de Contas.

**O Pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión aprobou a proposta de Alcaldía transcrita.**

*Votaron a favor os concelleiros do PSOE (6 votos) e os concelleiros do PP (4 votos).*

*Votou en contra a concelleiro de CENVAL*

*Abstívose o concelleiro de U POR V.*

**FÓRA DA ORDE DO DÍA**

O Sr. Alcalde propón a inclusión na Orde do Día do asunto de posta en funcionamento da Aula Infantil da Natureza, alegando que descoñecía a necesidade de informe previo e de comisión con incorporación de técnico de servizos sociais, e que se trata dun asunto urxente.

**Sometida a votación a urxencia deste asunto, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou ratificar a urxencia e inclusión do asunto Fóra da Orde do Día.**

**.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA AULA INFANTIL DA NATUREZA**

“Visto o informe da Educadora social do Concello que se transcribe literalmente:

***“INFORME PARA O ESTUDO DE VIABILIDADE DA APERTURA DA AULA INFANTIL DA NATUREZA (PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL)***

*Iria García Martínez, Educadora Social do Concello de Valdoviño e responsable temporal do servizo ao que corresponde a valoración dos recursos sociais, educativos e familiares*

**INFORMO**

- *Que no concello de Valdoviño non existe ningún recurso público na actualidade que cumpra as funcións educativas e asistenciais en materia infantil antes dos tres anos.*
- *Que existe un recurso privado de recente apertura (ludoteca) que poida entenderse semellante por ir dirixido a público infantil, pero non cumpre as mesmas funcións nin entra dentro da rede de servizos públicos*

- *Que nos últimos anos, constátase que foron bastantes as familias que se achegaron ao departamento demandando a existencia dun recurso educativo que facilitara a súa conciliación familiar e laboral. Durante o ano 2015 difundíuse unha enquisa entre a poboación, e que se recolleron un total de 29 con interese nun recurso de ditas características. A pesares do tempo pasado dende a dita sondaxe, enténdese que a información recollida pode considerarse orientativa para constatar o nivel de interese xeral na poboación. A realidade actual é que as familias teñen que desprazar aos seus fillos e fillas a outros concellos da comarca, coa dificultade organizativa, económica e social que iso implica.*
- *Que existe unha ubicación ao carón da praia de carácter medioambiental que encaixa cos requisitos estruturais esixidos pola lexislación (DECRETO 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia) para Punto de atención á infancia, dirixida a nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos.*
- *Que dita ubicación ten o carácter xeral de Aula da natureza, co obxectivo de sensibilizar e dinamizar actividades relacionadas coa natureza e medioambiente, sendo posible orientar a súa actividade cara ao público infantil.*

*Entendendo que o concello de Valdoviño, como entidade responsable do benestar da veciñanza, co coñecemento dunha necesidade real existente en materia de conciliación, e tendo en conta os puntos anteriores en materia de ubicación, obxecto e público destinatario, propóñense ao alcalde os seguintes puntos para acordar en Pleno:*

*PRIMEIRO.- Tomar en consideración o informe xustificativo do proxecto aportado pola persoa responsable da materia no departamento de Servizos Sociais.*

*SEGUNDO.- Acordar a creación da Comisión de estudo que se prevé no artigo 97 do RDL 781/1986 de 18 de abril, composta polos mesmos membros da Comisión de Servizos Sociais, constituída en Pleno, como representantes da corporación e pola educadora social do Concello como persoal técnico.*

*2.2: A dita Comisión de estudo iniciará os traballos para a redacción da memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade, requirida no artigo 97.b) do mesmo texto legal.*

*Valdoviño, 15 de setembro de 2016  
Iria García Martínez  
Educadora social (colex.3545)”*

Esta alcaldía, en uso das atribucións conferidas pola Lei de Bases de Réxime Local, propón ao Pleno a adopción dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- Tomar en consideración o informe xustificativo do proxecto aportado pola persoa responsable da materia no departamento de Servizos Sociais para o estudo da viabilidade da apertura dunha Aula infantil da natureza.

SEGUNDO.- Acordar a creación da Comisión de estudo que se prevé no artigo 97 do *RDL 781/1986 de 18 de abril*, composta polos mesmos membros da Comisión de Servizos Sociais, constituída en Pleno, como representantes da corporación e pola educadora social do Concello como persoal técnico.

2.2: A dita Comisión de estudo iniciará os traballos para a redacción da memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade, requirida no artigo 97.b) do mesmo texto legal.

Valdoviño, 15 de setembro de 2016  
O alcalde”

## DELIBERACIÓN

Sr. Beceiro Rodríguez.- Levamos un ano e tres meses deste goberno e presentan agora este asunto por urxenza, sen telo tratado en comisión informativa.

Sra. García López.- Hai persoal de baixa nos servizos sociais municipais. Non deixamos de traballar neste tema.

Sr. Alcalde.- Eu non sabía que había que facer informe e crear comisión.

Sr. Beceiro.- Non é xustificable, cando ademais dicían que era a cousa máis inmediata a resolver por este grupo de goberno, e cando levo preguntando do PAI pleno tras pleno.

Sr. Alcalde.- Para nós e primordial abril, pero atopamos atrancos.

Sr. Vigo Lago.- Hai que procurar improvisar o menos posible.

Sr. García Alonso.- ¿En qué vai consistir o funcionamento?

Sr. Alcalde.- Aproveitar un espazo orientado ao coñecemento da natureza e do medio no que durante unhas horas funcione como aula infantil.

Sr. García Alonso.- ¿Orientado ao público en xeral ou soio para o infantil?

Sr. Alcalde.- Para todos cando se faigan actividades. Hai que establecer un modelo de xestión segundo nos informan e por elo se trae a este pleno de xeito inmediato.

Sr. García Alonso.- ¿Vai haber alí un técnico medioambiental?

Sr. Alcalde.- Sería ideal telo e que houbera visitas de nenos de colexios do redor. Estamos a traballar coa Sociedade Galega de Historia Natural.

Sra. García López.- E estamos pendentes de perfilar un convenio con eles, veñen puntualmente e usan o espazo.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede relativa ao funcionamento da Aula Infantil da Natureza.**

## II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

### **3º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA. RELACIÓN NÚM. 08/2016.-**

314	05-08-16	Aprobación fras de importe 35.115,42€ previo levantamento de reparo dalgúns gastos; aprobación gastos: cuota afiliación FEGAMP, prestación mancomunada servizo xestión voluminosos de abril e maio, taxación costas do PO 102/2013; ordenación pago fras recoñecidas en Xunta goberno local de 28.07.16 (importe 88.529,87€).
315	08-08-16	De solicitude á Consellería de Medio Ambiente de subvención para o proxecto: "Senda peonil acceso Lagoa da Frouxeira dende o Golpiño", dentro do marco do PDR de Galicia 2014-2020.
316	09-08-16	Concedeselle á funcionaria MC. L.R. o día 10 de agosto de 2016 coma de asuntos propios.
317	10-08-16	Admitir a trámite a reclamación efectuada por I.L.D. e iniciar expte de responsabilidade patrimonial da Administración e acordos derivados.
318	10-08-16	De concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía ao peticionario J.C.V.
319	10-08-16	De concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía ao peticionario JM.F.G.
320	10-08-16	Polo que se aproba recoñecer e ordenar o pagamento de 900€ relativos a gastos de matrícula de traballador en curso de formación.
321	10-08-16	Concedenselle ao empregado público JJ. P.F. os días 18 e 19 de agosto de 2016 coma de asuntos propios.
322	11-08-16	De nomeamento do funcionario Senén Martínez Prieto coma

		interventor accidental entre os días 11 e 31 de agosto.
323	11-08-16	Aprobando a suspensión temporal do Servizo de Axuda a Domicilio á usuaria M.L.R. por mor da súa hospitalización.
324	11-08-16	Autorizando á AAVV de Meirás uso de vías municipais para celebración da Volta Ciclista nesta parroquia o día 15 de agosto.
325	11-08-16	Autorizando a celebración da XX edición da baixada de carrilanas de San Mamede-Valdoviño os días 13 e 14 de agosto.
326	11-08-16	Concedeselle á funcionaria MR. T.R.o día 16 de agosto de 2016 coma de asuntos propios.
327	12-08-16	Convocatoria sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 19 de agosto de 2016.
328	12-08-16	Aprobando as cotas da taxa por prestación do Servizo de Axuda no Fogar, do mes de xullo/16,cun importe total de 6.091,66€.
329	12-08-16	Autorizando as festas patronais de San Mamede na parroquia de Valdoviño, días 17 e 18 de agosto de 2016.
330	12-08-16	Autorizando festas patronais na parroquia de Meirás, os días 14 e 15 de agosto.
331	12-08-16	Concedeselle á funcionaria R. G. V. o día 16 de agosto de 2016 coma de asuntos propios.
332	12-08-16	Concedeselle ao traballador laboral O.N.M. o día 16 de agosto de 2016 coma de asuntos particulares.
333	18-08-16	Aprobese a extinción do SAF á usuaria J.L.L, tralo seu falecemento.
334	18-8-16	De concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía á peticionaria P.P.G.
335	19-08-16	Aprobando a alta no SAF sistema libre concorrencia ao petionario M.A.H.
336	19-08-16	Autorizando festas patronais en honor a San Bartolo na parroquia de Sequeiro os días 23 e 24 de agosto.
337	23-08-16	De concesión de licencia en vinte e oito expedientes de obra menor.
338	24-08-16	Aprobanse gastos e autorízanse pagamentos contidos nas relacións anexas ao decreto. Importe total: 75.761,07 euros.
339	24-08-16	De levantamento de reparos emitidos pola intervención e ordeando a tramitación das facturas afectadas polo reparo para a súa aprobación.
340	24-08-16	Acordando proceder á ordenación das direccións circulatorias para acceder á Praia de Pantín debido á celebración do "Pantín Classic Galicia Pro 2016".
341	24-08-16	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local do día 25 de agosto.

342	25-08-16	Aprobación de expediente de modificación – xeración de créditos- por importe de 14.867,14 euros.
343	25-08-16	Aprobación expte modificación crédito nº 19/2016, por importe de 18.739,57 euros.
344	25-08-16	De desestimación de alegacións referentes a construción de local auxiliar, ordeando ao interesado e promotor a súa demolición e acordos derivados.
345	25-08-16	Ordeando a promotor a suspensión das obras de peche de parcela e construción de edificacións destinadas a aloxamento e cria de animais e muro de contención no lg. da Chousa-Valdoviño.
346	25-08-16	Concedeselle á funcionaria M.C. L.R. o día 29 de agosto de 2016 coma de asuntos propios.
347	25-08-16	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico.- 33 exptes.- Importe principal: 6.600€; bonificado: 3.300€.
348	26-08-16	Autorizando festexos patronais en honor a San Martiño na parroquia de Pantín, os días 26 e 27 de agosto.
349	26-08-16	Convocatoria sesión extraordinaria Pleno da Corporación do 30 de agosto.
350	26-08-16	Aprobanse as retribucións do mes de agosto dos funcionarios (52.950,52€), do persoal laboral (27.059,83€) e as destinadas aos membros da Corporación a abonar neste mes de agosto (3.337,58€).
351	26-08-16	Aprobando a reanudación do SAF no sistema de dependencia a M.L.R, vista a alta hospitalaria da usuaria.
352	26-08-16	De autorización de actividade solicitada para os días 26, 27 e 28 de agosto pola entidade “Campeiras surf 2016”.
353	29-08-16	De autorización de celebración do Pantin Classic Galicia Pro 2016 do 29 de agosto ao 4 de setembro.
354	31-08-16	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local do 1 de setembro de 2016.
355	31-08-16	Aprobanse indemnizacións fin contrato do persoal laboral temporal que prestou os seus servizos coma socorrista (2 persoas). Importe 145,58euros.
356	02-09-16	Aprobase a extinción do Servizo de Axuda do Fogar ao usuario M.P.P, tralo seu falecemento.
357	05-09-16	Delegando no concelleiro Sr. Benito Vega Fdez a sinatura do acordo de cesión (acto público entrega vehículo todo terreo o 7.09.16 en Santiago de Compostela). (Programa operativo Feder-Galicia 2014-2020).



**O Pleno da Corporación tomou coñecemento dos decretos incluídos na relación 8/2106.**

*/Previo aviso á Presidencia, abandoan a sesión os concelleiros Srs. Saavedra Gutiérrez e Bacorelle Robles/*

**4º.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME CONFORME AO ARTIGO 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS, REFERIDO A RESOLUCIÓNS DE DISCREPANCIAS (FEITAS POR ANTERIORES INTERVENCIÓNS), CORRESPONDENTES A 2015.-**

**RELACIÓN DE LOS REPAROS SUSPENSIVOS INTERPUESTOS POR LA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DURANTE EL EJERCICIO 2015**

De los datos que obran en el departamento de Intervención del Ayuntamiento de Valdoviño y salvo error u omisión involuntaria constan los siguientes informes de reparos suspensivos que se citan a continuación:

- 1) Informe de reparo de fecha 5 de febrero de 2015 interpuesto a la aprobación de la factura Gastro-Bar Novo Agarimo en concepto de *Consumiciones IX concentración motera-Cidade de Narón – Os Fogeteiros*.
- 2) Informe de reparo de fecha 25 de febrero de 2015 interpuesto a la aprobación de las facturas nº 00075 y 00074 de fecha 31/01/2015 emitidas por Atendo Calidade, S. L. correspondientes a SAF municipal mes de enero.
- 3) Informe de reparo de fecha 24 de abril de 2015 interpuesto a la aprobación de las siguientes facturas:
  - a) Fra. nº E13/00079 de fecha 28/02/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 3964,35 euros en concepto de servicio de ayuda en el hogar libre concurrencia, 321 horas laborables mes de febrero.
  - b) Fra. nº E13/00089 de fecha 28/02/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 34330,51 euros en concepto de servicio de ayuda en el hogar dependencia, 166,32 horas festivas y 2591,92 horas laborables mes de febrero.
  - c) Fra. nº 12/14 de fecha 01/12/2014 de Gestiones y Obras, S. L. por importe de 1633,50 euros en concepto de alquiler de nave industrial de Lanzós correspondiente al mes de diciembre.

- d) Fra. nº 11/14 de fecha 01/11/2014 de Gestiones y Obras, S. L. por importe de 1633,50 euros en concepto de alquiler de nave industrial de Lanzós correspondiente al mes de noviembre.
- e) Fra. nº A-1/15 de fecha 31/03/2015 de Marcelino Fernández Gabia por importe de 605,00 euros en concepto de alquiler de local de mayores correspondiente al mes de marzo.
- 4) Informe de reparo de fecha 19 de mayo de 2015 interpuesto a la aprobación de las siguientes facturas:**
- a) - Fra. nº E13/00098 de fecha 31/03/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 35649,23 euros en concepto de servicio de ayuda en el hogar dependencia 209 horas festivas y 2650,50 horas laborables mes de marzo.
- b) - Fra. nº E13/00097 de fecha 31/03/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 4681,64 euros en concepto de servicio de ayuda en el hogar libre concurrencia 379,08 horas laborables mes de marzo.
- c) - Fra. nº E13/00112 de fecha 30/04/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 4192,83 euros en concepto de servicio de ayuda en el hogar libre concurrencia 339,50 horas laborables mes de abril.
- d) - Fra. nº E13/00113 de fecha 30/04/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 37818,10 euros en concepto de servicio de ayuda en el hogar dependencia 198,33 horas festivas y 2838,17 horas laborables mes de abril.
- 5) Informe de reparo de fecha 8 de junio de 2015 interpuesto a la aprobación de las facturas incluidas en las relaciones contables O/2015/47 a O/2015/62.**
- 6) Informe de reparo de fecha 14 de julio de 2015 interpuesto a la aprobación de las siguientes facturas:**
- a) –Fras. Números 033/2015 y 034/2015 de fecha 10/06/2015, emitida por Corral y Merino, S. L. (TOP SPORT) por importe bruto de 361,65 euros y 425,25 euros por suministro de trofeos para campeonatos de fútbol Amistade de Meirás.
- b) Factura número 9000143095 de fecha 30/06/2015, emitida por Thyssenkrupp Elevadores, S. L. por mantenimiento de ascensores municipales (excepto C. P. I. de Atios) durante el mes de junio.
- c) Factura nº 558.486 de fecha 01/07/2016 emitida por Ascensores Enor, S. A. por importe de 228,16 euros por mantenimiento de ascensor C. P. I. de Atios durante el mes de julio.
- d) Factura nº 199 de fecha 21/06/2015 emitida por Roberto Barros López por honorarios de asesoría laboral durante el mes de junio.
- 7) Informe de reparo de fecha 28 de julio de 2015 interpuesto a la aprobación de las siguientes facturas:**

a) Fra. nº E13/00129 de fecha 31/05/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 3835,66 euros en concepto de servicio de ayuda en el hogar libre concurrencia 310,58 horas laborales mes de mayo.

b) Fra. nº E13/00130 de fecha 31/05/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 38383,38 euros en concepto de servicio de ayuda en el hogar dependencia 223,58 horas festivas y 2855,42 horas laborales mes de mayo.

c) Fra. nº E13/00144 de fecha 30/06/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 3681,29 euros en concepto de servicio de ayuda en el hogar libre concurrencia 298,08 horas laborales mes de junio.

d) Fra. nº E13/00145 de fecha 30/06/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 37540,45 euros en concepto de servicio de ayuda en el hogar dependencia 179,17 horas festivas y 2837,33 horas laborables mes de junio.

e) Fra. nº 40518/2015 de fecha 30/06/2015 de Limpergal, S. L. por importe de 4729,08 euros en concepto de servicio de limpieza de edificios municipales mes de junio.

**8) Informe de reparo de fecha 25 de agosto de 2015 interpuesto a la aprobación de las siguientes facturas:**

a) Fra. nº 1/41067/2015 de fecha 31/07/2015 de Limpergal, S. L. correspondiente al servicio de limpieza de edificios municipales durante el mes de julio.

b) Fra. nº E13/00163 de fecha 31/07/2015 de Atendo Calidade, S. L. por importe de 3861,47 correspondiente a SAF municipal libre concurrencia mes de julio 312,67 horas laborables.

c) Fra. nº E13/00164 de fecha 31/07/2015 de Atendo Calidade, S. L. por importe de 37323,37 euros correspondiente a SAF municipal dependencia mes de julio 155,42 horas festivas y 2846,58 horas laborables.

**9) Informe de reparo de fecha 30 de septiembre de 2015 interpuesto a la aprobación de las siguientes facturas:**

a) Fra. nº E13/00197 de fecha 30/09/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 38228,65 euros en concepto de SAF municipal dependencia 169,33 horas festivas y 2904,17 horas laborables mes de septiembre.

b) Fra. nº E13/00194 de fecha 30/09/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 3725,62 euros en concepto de SAF municipal libre concurrencia 301,67 horas laborables mes de septiembre.

c) Fra. nº E13/00216 de fecha 31/10/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 37994,65 euros en concepto de SAF municipal dependencia 196,33 horas festivas y 2853,58 horas laborables mes de octubre.

d) Fra. nº E13/00217 de fecha 31/10/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 3832,21 euros en concepto de SAF municipal libre concurrencia 310,17 horas laborables mes de octubre.

e) Fra. nº 1 42268/2015 de fecha 31/10/2015 de Limpergal, S. L. por importe de 4729,08 euros en concepto de limpieza en edificios municipales mes de octubre.

f) Fra. nº 49 de fecha 04/11/2015 de Proymel Montajes, S. L. por importe de 6066,94 en concepto de mantenimiento y conservación de alumbrado público mes de octubre.

**10)** Informe de reparo de fecha 15 de diciembre de 2015 interpuesto a la aprobación de las siguientes facturas:

- a) Fra. nº E13/00230 de fecha 30/11/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 3175,29 euros en concepto de SAF municipal libre concurrencia 310,17 horas laborables mes de noviembre.
- b) Fra. nº E13/00231 de fecha 30/11/2015, de Atendo Calidade, S. L. por importe de 37691,47 euros en concepto de SAF municipal dependencia 208,92 horas festivas y 2814,83 horas laborables mes de noviembre.
- c) Fra. nº 1 42860/2015 de fecha 30/11/2015 de Limpergal, S. L. por importe de 4729,08 euros correspondiente a servicio de limpieza en edificios municipales mes de noviembre.
- d) Fra. Emit-58 de fecha 02/12/2015 de Proymel Montajes, S. L. por importe de 5916,90 correspondiente a mantenimiento y conservación de alumbrado público mes de noviembre.

**11)** Informe de reparo de fecha 21 de diciembre de 2015 interpuesto a la aprobación de la factura nº 15-036 de fecha 07/12/2015 de Manuel Domínguez Domínguez (Talleres Regueira) correspondiente a sustitución y colocación de chapa de policarbonato en la cubierta del pabellón polideportivo de Meirás.

**12)** Informe de reparo de fecha 29 de diciembre de 2015 interpuesto a la aprobación de las facturas incluidas en las relaciones contables O/2015/168 a O/2015/166 y de O/2015/168 a O/2015/177 derivado de prestación de servicios sin los preceptivos contratos administrativos.

**O Pleno da Corporación, tomou razón da relación de reparos suspensivos enriba transcritos.**

### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

#### INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CENVAL

Sr. Bacorelle Robles:

- Este grupo reitera a limpeza de camiños; as cunetas atopanse en moi mal estado, cando noutros concellos fan a limpeza.

- ¿Fíxose convenio con propietario dunha finca para ter aparcamento?

Sr. Alcalde.- Sí.

Sr. Bacorelle.- Na Praia de Valdoviño, cara ao aparcamento débese limpar debidamente.

Sr. Alcalde.- Soio se limpa o terreo que deixan para aparcar.

- Na zona de Lago é preciso retirar as acumulacións de terra e limpar os ríos. Podese mandar escrito ao Dominio Público Hidráulico para que actúen.

Sr. Alcalde.- É un tema de seguridade e sanidade.

Sr. Vega Fernández.- O prioritario é preparar os accesos.

- En San Miguel de Aviño hai problema coa limpeza das cunetas.

Asfaltaronse pistas que hai que reparar. ¿Hai unha relación delas?

Sr. Alcalde.- Estamos con contratatacións. Houbo dificultades para buscar pistas para amañar no Plan de mellora de camiños porque tiñan que cumprir unhas condicións: vinculadas a explotacións agrarias dadas de alta, cunha determinada distancia...

Sr. Beceiro.- Ao millor, si se fixese comisión houberan saído máis pistas.

- ¿Está o informe sobor do camping?

Sr. Alcalde.- Imos facer unha comisión específica para o camping.

- Reitero o da limpeza do camiño real de San Miguel e que se actúe de oficio contra veciños que non limpan.

Sr. Vega Fernández.- Faltannos medios, hai pouco persoal municipal.

- Solicito que se lle volva a requerir ao dono do edificio “O Siroco” que adopte medidas precisas. Vexo que en Narón tapian os edificios que están en mal estado. Hai que evitar que poida pasar unha desgracia.

Sr. Alcalde.- Imos ter unha reunión co dono.

- ¿Avanzouse no Plan Xeral de Ordenación Municipal?

Sr. Alcalde.- Vai haber unha reunión despois de ver que fixeron respecto ás propostas dos veciños.

Sr. García Alonso.- ¿Hai problema co equipo redactor?

Sr. Alcalde.- Está solventado.

- ¿Qué partidas presupostarias se van destinar ao PAI? ¿En qué presuposto se vai contemplar a xestión?

Sr. Alcalde.- En servizos sociais do concello teñen que facer o cálculo dos custos e determinar o que vai ter que pagar a xente. Temos tamén que facer a contratación do persoal.

- Reitero que se cumpra o acordo adoptado por todos os grupos en sesión plenaria de remitir a Xunta un escrito asinado por todos pedindo inversión en Valdoviño para unha gardería e para centro de día, como reclamaba o concelleiro do BNG. Porque ¿mandouse o escrito?

Sr. Alcalde.- Non se fixo escrito xeral, pero si houbo contacto con tres delegacións da Xunta: Política Social, Medio Ambiente e Turismo e o martes vindeiro asinaremos convenio para centro socio-comunitario.

Sr. Beceiro.- Hai que cumprir segundo o acordo no pleno, cun escrito de todos os grupos, non cunha reunión privada do PSOE e solicito se envíe o escrito acordado.

- ¿Cobraselle o aluguer a “Viaqua”?

Sr. Alcalde.- Non, pero se lle comunicou.

- ¿Estanse tramitando as contraccións pendentes de obras e servizos?

Sr. Alcalde.- Para a limpeza de edificios municipais está convocada Mesa de contratación para o vindeiro 21 de outubro; respecto ao alumeado público non atopamos a auditoria. Estamos a traballar en todas as contratacións.

Sr. Vigo Lago.- Ten que atoparse a auditoria, estaba no servidor xeral e o meu grupo de goberno pasara os pregos á secretaria e aos técnicos.

Sr. Alcalde.- Temos que priorizar porque non hai moito persoal.

- ¿Cómo está a tramitación da subvención de servizos sociais, da que había que reintegrar os cartos?

Sr. Alcalde.- Está en proceso de devolución (115.000 euros máis os intereses).

- Respecto ao tema de Porto do Cabo. ¿Pagouse o disposto na sentenza?

Sr. Alcalde.- Pagouse a sentenza, pero faltan os intereses.

Sra. Interventora.- Vanse pagar porque hai liquidez.

- Vexo inactividade por parte do grupo de goberno, non se nos informa e non se fan comisións.

Sr. Alcalde.- Recoñezoo e esperamos paliar esta situación.

- ¿Cómo está a funcionar o centro de maiores e quen abre e pecha o local?

Sr. Alcalde.- Funciona coma antes. Pola mañá también se imparte algún curso e da apertura e do peche encargase persoal socio da asociación San Joaquin e Santa Ana.

- ¿Fíxose a xestión para o fraccionamento das taxas, que se pidira en sesión de Pleno?

Sr. Alcalde.- A xestión dos tributos máis importantes temolo delegada na Deputación e hai que solicitala a este Organismo.

- ¿Estase ben no cobramento da auga?

Sr. Alcalde.- Nós pedíramos unha modificación no 2013. Imos facer un traballo único, onde se incorpore todo: o do cobramento, o do local, a xestión, o estado de obras executadas, o seu funcionamento...). Está feito un primeiro avance.

Sr. Rodríguez Fernández.- O contrato con Viaqua remata no teu mandato, Sr. Alcalde (tiña duración de 20 anos), remata no 2019 e non sei se non acaba tamén o do servizo de recollida de lixo. Haberá que ir estudiando o das novas contratacións previamente.

- ¿Por qué se fala de praia fluvial nas Forcadas?

Sr. Alcalde.- Denomínase así ao espazo preto do pantalán, na súa zona dereita.

Sr. Vigo Lago.- Alí fíxose unha mala obra, porque non ten calado abondo.

- O que se fai ou non se fai son todas decisións políticas: non está funcionando o PAI, non se mira de facer unha escola taller, etc....

- Os vídeos promocionais de Valdoviño ¿Quen os fixo e cal foi o custo?

Sra. García López.- Contratamos a unha empresa, encadrándose a actividade dentro da área de turismo, creo que o custo foi de 4.900 euros máis IVE.

- ¿Se fixo o informe sobre o custo do servizo de socorrismo pola circunstancia dos gastos a maiores e se lle vai reclamar á empresa?

Sr. Alcalde.- Non teño concretado cal foi o importe final.

- ¿Realizouse informe polo tema do fallo do desfibrilador?

Sr. Alcalde.- Estamos á espera.

- ¿Está a nome do concello a moto de auga?

Sr. Alcalde.- Non teño ese dato.

Sr. Vega Fernández.- Foi unha donación de cando estaba no mandato de goberno CENVAL.

- Deberían cambiarse os pregos de socorrismo. Ao millor é preciso aumentar o tempo de prestación do servizo.

Sr. Alcalde.- O problema é o tema de formación de socorristas. Falamos coa Deputación Provincial e coa Xunta para ver posibilidade de obter axudas concretas para Valdoviño para afrontar os gastos das praias.

- Haberá que buscar en Plans existentes como de Acción Costeira.

Sr. Alcalde.- Nese plan non se financia nada relativo ao socorrismo, as pautas veñen marcadas por Europa.

Sr. Vigo.- Hai que acudir aos parámetros da Deputación en canto a repartición de axudas aos concellos.

- As exposicións da Casa de Cultura están soio pola mañá.

Sra. García López.- Sí, porque este mes a Casa de Cultura soio abre de mañá.

- Creo convinte realizar unha renovación do salón de Sesións do Pleno.

- Quedan detalles da parcelaria sen resolver.

Sr. Vigo Lago.- Hai que cambiar pedreiros.

Sr. Alcalde.- Estaselles lembrando de cando en vez.

## INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR

Sr. Vigo Lago.-

- ¿Estase a facer tratamento de auga nas Forcadas?

Sr. Alcalde.- Está concesionado, a empresa “Viaqua” fai as comprobacións.

- ¿Funciona o bombeo de Copenor?

Sr. Alcalde.- Sí, nunca deixou de estar operativo.

- Consta no rexistro comunicación de denegación da prórroga para execución da obra do PEIM.

Sr. Alcalde.- Sí, porque non estaba adxudicada cando se solicitou.

- A xente reclama que se designe nome ás rúas.

Sr. Alcalde.- Está parado o expediente, para facer revisión.

- Consta en rexistro escrito de convenio de colaboración con outros concellos, en concreto con Cerdido en relación a técnico.

Sr. Alcalde.- Sí, referido a colaboración do arquitecto municipal.

Sra. Interventora.- Abonamos nós a cantidade na nómina, co certificado de Cerdido de prestación das horas. É unha solución temporal.



➤ Respecto á piscina municipal hai unha diferenza entre gastos e ingresos.  
Sr. Alcalde.- Hai, os ingresos foron maiores que os custos.

➤ ¿A qué se refire un informe sobre o Plan Xeral, que consta anotación en rexistro de saída núm. 1136 de 23.08.16?  
Sra. Secretaria.- Debe ser en relación a unha interpretación do Plan que se solicitou.

➤ Quedan preguntas do anterior pleno sen repostar, como si se cobrou ao concesionario do camping municipal.  
Sr. Alcalde.- Está reclamado o pagamento.

➤ Polo local da oficina de Aquagest, ¿pidiuse unha cantidade concreta á empresa?  
Sra. Secretaria.- Non se puxo contía, senón que se lle requeriu para regularizar a situación.

Sr. Rodríguez Fernández.-

➤ Rogo novamente, que se den cursos sobre uso de desfibrilador.  
Sra. García López.- Está en marcha, e vanse dar cursos de primeiros auxilios en asociacións.

➤ ¿Qué aconteceu no colexio, que parece ser que houbo desfeitas?  
Sr. Alcalde.- Non sabemos, pero romperon quince cristais.  
Sr. Vigo Lago.- Creo que no Xulgado tamén pasou algo diso.

➤ ¿Qué problema xurdiu co equipo redactor do Plan?  
Sr. Alcalde.- Contareicho noutro intre.

Se máis intervencións, e cando son as vinte e dúas horas, dáse por rematada a sesión, que queda levantada polo Sr. Alcalde-Presidente, da que se estende a presente acta que coma Secretaria municipal CERTIFICO.

A Secretaria,

O Alcalde,